



PREGUNTA ORAL SOBRE A SITUACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de limpeza de edificios e dependencias do Concello foi adjudicado a unha empresa en maio de 2014 por dous anos prorrogables a dous máis. Transcorrido o prazo inicial do contrato e despois de prórrogas sucesivas o contrato rematou definitivamente o 30 de maio de 2018, polo que na actualidade e desde hai nove meses a empresa está a prestar o servizo sen contrato.

Non se trata dun contrato menor, posto que, despois de sucesivas ampliacións para incluír novas dependencias, o seu importe anual supera o millón de euros, cantidade coa que se remunera o traballo de 45 persoas.

Ante a proximidade do remate definitivo da vixencia deste contrato, no Pleno de maio de 2018 o Grupo Popular realizou unha pregunta para coñecer as previsións do Goberno local en relación con este contrato ante a que a concelleira de Economía, Facenda e Administración respondeu que o propósito era iniciar unha nova licitación deste contrato "nos próximos días".

Ante a falta de noticias sobre esta nova contratación y para coñecer os avances dados polo Goberno ao respecto, formulamos a seguinte pregunta:

Por que non se licitou este contrato no momento oportuno e cando pensa o Goberno licitalo?.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019

Manuel Martínez Varela
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela